

FRANCIS BACON

Nova Atlántida

Traducido por Alfonso Blanco



Vólvense os paxaros contra as escopetas

I

UN FILLO DA TERRA

A nosa travesía partiu do Perú, onde permanecemos durante todo un ano, rumbo á China, ao Xapón e a outros lugares. Levabamos connosco provisións para doce meses, e por espazo de máis de cinco gozamos de ventos favorables do leste, aínda que ben suaves e avelaíños. Mais logo viraron e comezaron a soprar do oeste decontino, durante moitos días, até o punto de que só puidemos avanzar moi amodo, e de cando en vez mesmo considerabamos se dar volta.

Pero daquela ergueuse de novo un forte e brioso vendaval, con algunha compoñente leste, que nos empurrou cara ao norte, pese a que lle opuxemos toda a resistencia posible. Para daquela, as nosas provisións (aínda que as repartiamos entre nós con frugalidade) esgotáranse.

Así, ao vérmonos illados e sen vitualla no medio do máis vasto deserto de auga que hai no mundo, criámonos perdidos e viamos a nosa morte xa próxima. Con todo, elevamos os nosos corazóns e voces ao Deus celestial, *o que amosa os seus prodixios no océano*¹, e pregámoslle

¹ *Salmos*, 107, 24.

que, así como ao primeiro ordenara a xuntanza das augas e fixera aparecer o chan enxoito, nos amosase agora a terra para non morrermos².

E aconteceu que ao día seguinte, contra o serán, albiscamos, a non moita distancia en dirección norte unha especie de mesta nube que nos fixo concibir esperanzas de tocar terra, pois ben sabiamos que aquela parte do Océano Austral³ era totalmente descoñecida e que podía conter illas e continentes aínda non descubertos. Xa que logo, durante toda a noite mantivemos o rumbo cara a onde nos parecera que había terra, e co amencer do día seguinte quedou de manifesto que aquilo que víramos era, en efecto, terra; unha terra cha e boscosa de aparencia escura.

Despois de navegar durante hora e media, arribamos a un porto abrigado que pertencía a unha cidade, dende logo non grande, mais si fermosamente construída e cunha fachada marítima de grande elegancia. Fíxosenos eterno cada minuto que demorabamos sen pisar terra, até que por fin nos achegamos á costa e nos dispuxemos a desembarcar.

Decontado vimos algunhas persoas da cidade que viñan provistas de caxatos, e que por medio de xestos e acenos nos impediron desembarcar, mais sen berros nin brusquidade. E daquela, non pouco apesarados, demos en deliberar sobre o que debiamos facer.

Nese lapso, encamiñouse cara a nós un esquife, non moi grande, que carrexaba arredor de oito homes;

²Alusión á *Xénese*, 9-10.

³Nome co que na época de Bacon se coñecía o Océano Pacífico. Non debe confundirse co que hoxe chamamos Océano Antártico.

